



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TEO

Delegación de atribucións en concelleiro

ANUNCIO

De acordo co establecido no artigo 44 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, con data do 15 de decembro de 2025, por esta Alcaldía ditouse a Resolución 1613/2025, que de seguido se transcribe integramente:

“ASUNTO: DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN EN ANGEL BARREIRO RODRÍGUEZ.

EXPEDIENTE: 2025/G003/001678

Visto o réxime xurídico das delegacións que a persoa titular da Alcaldía pode realizar en favor das/os concelleiras/os, de acordo co establecido nos artigos 6, 7 e 16 do Regulamento orgánico municipal (ROM), artigos 43 e ss do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas na Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e demais lexislación complementaria.

Considerando que, segundo o artigo 115 do ROF, se non se dispón outro cousa, o órgano delegante conservará, entre outras, a facultade de resolver os recursos de reposición que poidan interporse, salvo que no decreto ou acordo de delegación expresamente se confira a resolución dos citados recursos contra os actos ditados polo órgano delegado.

Tendo en conta a normativa citada, mediante Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 resolveuse facer delegación de atribucións nas/os concelleiras/os da Corporación, nos termos recollidos no mesmo.

Tendo en conta o tempo transcorrido, resulta precisa ampliar, no caso do concelleiro de desenvolvemento industrial e economía local, D. Ángel Barreiro Rodríguez, as facultades delegadas, ampliándoas no ámbitos relacionados coa seguridade e saúde laboral e prevención de riscos laborais.

En virtude do exposto e no uso das atribucións conferidas polo normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Delegar en D. ÁNGEL BARREIRO RODRÍGUEZ, concelleiro delegado de desenvolvemento industrial e economía local, segundo o Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023, as seguintes atribucións:

A) En materia de *seguridade e saúde laboral* relacionada co persoal municipal ou que preste servizos ao Concello de Teo:

- 1.- A presidencia do Comité de Seguridade e saúde Laboral.
- 2.- Ditar calquera acto administrativo que sexa preciso para a dirección deste servizo interno.

B) En materia de *prevención de riscos laborais*, tanto respecto ao persoal municipal como a terceiros que contraten co Concello, en calquera materia na que o Concello exerza as súas competencias:

- a) Redacción / contratación e seguimento do plan de prevención de riscos laborais, ditando cantos actos administrativos sexan precisos ao efecto.
- b) Cumprimento da normativa en materia de prevención de riscos laborais, ditando cando actos administrativos sexan preciso ao efecto.
- c) Resolución de recursos que se plantexen en materia de seguridade, saúde laboral e prevención de riscos laborais.

Segundo.- A Alcaldía, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas na presente Resolución, sen prexuízo da súa avocación conforme á lexislación de procedemento administrativo común.

Terceiro.- O presente Decreto surtirá efecto dende o día da súa data, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, na web municipal, na Sede electrónica e no taboleiro de edictos da Corporación, debéndose notificar persoalmente ao destinatario da delegación, aos efectos do previsto no artigo 114 do ROF que esixe, para á eficacia

da mesma, a súa aceptación por parte do delegado, entendéndose tacitamente aceptada se no termo de tres días hábiles non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación.

Cuarto.- Dar traslado do presente a todos os departamentos municipais, para o seu coñecemento e efectos oportunos, dándose conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.”

Teo, 16 de decembro de 2025

A alcaldesa

Lucía Calvo de la UZ

2025/8413